

DOCUMENTO COLABORATIVO 0.4.: A COMUNICACIÓN, PARTICIPACIÓN E COLABORACIÓN COAS FAMILIAS

Este documento é a síntese das achegas e conclusións realizadas polo conxunto das escolas da rede nas xuntanzas de direccións que se desenvolveron no mes de Abril de 2011 en torno á temática das relacións familia-escola.

A comunicación, participación e colaboración coas familias é un dos piares básicos do Proxecto Educativo das escolas infantís da Rede. O regulamento de organización e funcionamento das escolas , así como a lexislación vixente relativa á educación infantil tamén contemplan este aspecto, polo que é sumamente importante reflexionar e repensar como estamos a abordar e propoñer as relacións familia-escola nos nosos centros:

De qué concepción de familia partimos, como transmitimos a información, que canles de comunicación utilizamos, como poñemos en práctica e fomentamos a súa colaboración e a participación dentro da vida da escola, etc.

Palabras chave

Responsabilidade compartida, respecto, colaboración , proximidade, diálogo, calidez relacional, información bidireccional

Ideas principais

Concepto de familia:

A partir das cuestións:

- Que debe ofrecer unha escola infantil ás familias?
- Como entendemos ás familias na escola?
- Como crear esa relación familia -escola?

Chegamos á conclusión que debemos entender ás familias como colaboradoras, cando os/as nenos/as comezan a asistir a unha escola infantil, a educación xa non é só tarefa da familia, senón que se trata dunha **responsabilidade compartida** .

A participación das familias na escola resulta imprescindible para o desenvolvemento de todas as potencialidades de todos os nenos e nenas, a escola ten que construír un proxecto conxunto coas familias a través do diálogo, a reflexión, o intercambio e a negociación, onde as ideas tanto duns como de outros, sexan tidas en conta.

As relacións entre ambos contextos teñen que ser cordiais e amistosas, a proximidade e o ton afectuoso xeran confianza facilitándose así o poder chegar a acordos e compartir, adicar tempos á relación, manter unha actitude informativa e orientadora, facer unha escoita activa de cales son as súas preocupacións, necesidades, alegrías..., para facelas emerxer con sutileza e que a relación entre ambos contextos sexa rica e estruturante.

Trátase de ofrecerlle ás familias un ambiente e unha experiencia de colaboración e comprensión na vivencia persoal de coidar compartidamente ao seu fillo/a.

Comunicación

A partir de cuestións como:

- Existe a posibilidade de contacto diario co/a educador/a do seu/súa fillo/a?
- Poden as familias e os profesionais dar e recibir información en relación coas crianzas de maneira periódica?
- Poden atopar nalgún espazo da escola material ou bibliografía que lles poda ser de interese?
- Están as familias ao tanto das actividades diarias dos seus /súas fillos/as?

Reflexionamos como estamos a abordar a comunicación coas familias nos nosos centros e chegamos ás seguintes conclusións:

Aproximar a realidade da familia e a da escola debe constituír un obxectivo ineludible do traballo pedagóxico do centro. Temos un camiño que percorrer xuntos e é función da escola establecer canles de relación que nos permitan, tanto ás familias como á escola, compartir criterios comúns para a educación dos nenos e nenas de modo que se garanta continuidade e coherencia entre ambos contextos. Para que as familias podan participar realmente da vida da escola necesitan contar con información, por iso é moi importante ofrecerlles ás familias momentos e espazos para compartir e intercambiar información e propostas, a través do coñecemento e da información poden intervir dunha maneira activa e sentir que forman parte dun proxecto.

A información entre ambos contextos a de ser bidireccional, permitíndose así un coñecemento recíproco, as familias e os centros convértense en informadores e avaliadores dos feitos e procesos que se producen, dispoñer de información puntual e continuada de cada neno ou

na permite comprender mellor as reaccións e motivacións que os nenos/as viven e adaptarnos ás súas necesidades.

Os momentos da entrada e saída do nenos/a son momentos cotiás propicios para establecer relacións de proximidade e intercambio, para as familias o feito de poder entrar na aula e ver persoalmente os espazos, constatar as actividades que fan os/as nenos/as, poder falar coas persoas que coidarán do fillo ou da filla, coñecer aos demais nenos e nenas e as súas familias, son elementos que axudan a desaparecer inseguridades e inquietudes. Nestes momentos posibilitarase atender ás explicacións das familias respecto aos incidentes ou vivencias na casa, compartiranse pequenas anécdotas, que poñerán de relevo diante do/a neno/a o bo entendemento e a boa relación existente entre a familia e as súas educadoras, esta calidez relacional empapada de mutua aceptación cala no/a neno/a ata convertelo emocionalmente en moito máis accesible e seguro no contexto escola.

Canles de comunicación:

- [Entrevista inicial](#)

Antes de comezar o curso farase unha pequena entrevista inicial de xeito individual con cada familia para coñecer aspectos de especial importancia para o coidado do/a neno/a . Para isto é necesario planificar con anterioridade as preguntas que deberán ser sinxelas, directas e cun fin determinado, para que así a resposta sexa concreta. Os datos da entrevista irán modificándose a medida que o neno/a se desenvolve e sería bo ter outras xuntanzas ao longo do curso coas familias para ir falando da evolución da crianza e modificando os datos iniciais.

Nestas primeira entrevista establécese un diálogo para deseñar os primeiros pasos da entrada desa familia e dese pequeno/a na escola, tomándose en consideración as necesidades, características peculiares e ritmos de cada caso e establecéndose unhas estratexias conxuntas a seguir

Destas entrevistas iniciais podemos sacar información moi valiosa para motivar ou invitar á colaboración das familias nalgunha das actividades da escola, por exemplo cando organizamos a festa do Nadal, as familias que proceden doutros países poden aportar u doces típicos do seu país fomentando así a interculturalidade.

- [Xuntanzas xerais e de aula para o inicio do curso](#)

Mediante estas xuntanzas preténdese ter un momento de encontro entre todas as familias da escola, presentarles o equipo educativo, informalas da vida do centro e para solventar dúbidas que poidan ter.

É necesario que nesta xuntanza, transmítase ás familias ademais das normas de convivencia da escola, a liña educativa que segue o centro

(como se tratan os momentos do cotiá: alimentación, sesta, acollida-recollida, hixiene; período de adaptación; cales son os principais obxectivos a conseguir, cal é a liña metodolóxica a empregar, cal vai a ser a planificación conxunta que se vai establecer para as canles de comunicación, os encontros , as titorías, como poden participar activamente na vida da escola.

Nestas xuntanzas é importante dar voz ás familias para que elas mesmas podan aportar a súa visión e as súas experiencias.

- **Titorías**

Fixarase un horario de titorías nas que as familias poderán acudir para comentar calquera tema que lles sexa de interese. No caso de ter algún tema de especial relevancia que se precise falar coas familias serán as titoras ou titores quen conviden a ter unha entrevista coa familia do/a neno/a.

Nestas entrevistas é importante estar receptivos/as, tomando nota das inquedanzas da familia, expresándose de xeito amable e transmitindo confianza e seguridade a través de consellos e orientacións, planificando un traballo conxunto (familia-escola) para resolver o problema existente.

Se sabemos de que tema quere falar a familia sería bo preparar de antemán un guión cos aspectos que queremos destacar ao longo da entrevista e non desviarse do tema de interese. É moi importante coidar a linguaxe non verbal xa que os xestos, miradas, sorrisos que acompañan o dialogo son transmisores de mensaxes ás veces tan importantes como as mensaxes orais.

- **Xuntanzas de aula ao longo do curso**

Ao longo do curso é importante ter encontros coas familias de cada grupo-aula para reflectir o que imos a traballar e que obxectivos pretendemos, estas xuntanzas non deben ser só unha mera transferencia de información, senón unha ferramenta de intercambio de información entre a familia e a escola, para motivar este intercambio de información daremos a coñecer o que os seus fillos e fillas fan dentro da escola, facendo máis transparente a nosa proposta educativa e dando pé a que xurdan conversas e inquedanzas sobre as que é preciso traballar.

As familias van así coñecendo o que esperamos delas, e a escola vai coñecendo tamén cales son os temas que lles resultan de interese ás familias de cara á organizar charlas ou espazos das familias.

Tamén aproveitaremos este tipo de xuntanzas para motivar a participación das familias en actividades concretas da escola como obradoiros, proxectos, saídas, eventos especiais, festas, etc...dando pé ou posibilitando que participen na propia planificación das mesmas.

- **Acollida e despedida das crianzas**

É importante a planificación e programación dos momentos de acollida e despedida: que actuacións pode realizar a familia nestes momentos (colocación do mandilón cos mais pequenos; trasladar unha dinámica nese momento para colaborar nunha colocación autónoma por parte das crianzas maiores do mandilón; no período de adaptación os tempos de permanencia na escola; no inicio do período do/a neno/a na escola pactar como deben ser esas despedidas; ...).

Neste ámbito é esencial cales son as maiores entradas e saídas de crianzas para ter unha especial atención a eses momentos e poder acoller e despedir con tranquilidade e coa posibilidade de poder interactuar coas familias. A este respecto, si ten que existir unha planificación por parte das educadoras do rol que desempeña cada unha nesta acollida e despedida.

- Cales van ser as mensaxes a trasladar?
- Cales van ser as formas?
- Cales van ser os canles de información? ...

O esencial é facer consciente aquelas accións que facemos inconscientemente (sorrisos, formas, mensaxes, miradas, ...).

- **Informacións puntuais na entrega e recollida da crianza**

As familias poderán comentar de xeito puntual pequenas informacións do seu fillo/a. Se tratase de algún tema máis amplo pregaríase a familia que viñese a unha titoría para falar con máis tranquilidade do tema.

A recepción das crianzas é un dos momentos mais importantes do día polo que é necesario prever con antelación cantos/as nenos/as chegan, e a partir de que hora vai chegar o máis grande número de nenos/as para así planificar os horarios do persoal.

É imprescindible que nos momentos do día con máis actividade estean presentes na aula a parella educativa para así poder atender as familias e as crianzas do mellor xeito posible. Se no momento da entrega das crianzas estamos dous educadores poderemos adicarlle uns minutos a saudar o/a neno/a, falar coas familias, intercambiar información puntual e facer da chegada un momento agradable, transmitíndolle tranquilidade e atención individualizada. Desta maneira o/a neno/a notará un ambiente agradable que o/ a invitará a quedar contento/a e tranquilo/a na escola.

- **Charlas informativas**

Dende a escola promoverase a organización de charlas sobre temas de interese para as familias, coa colaboración de profesionais como nutricionistas, matronas, pediatras, etc. abordando temas como o da alimentación no 0-3, a lactancia, as enfermidades infantís,... Poderase encargar destes temas unha comisión que será a que busque o poñente, o espazo, material, data, faga o escrito ás familias, etc.

Este é un momento perfecto para reforzar as relacións coas familias que de algún xeito reciben información de temas que lles preocupa compartindo inquiredanzas cos educadores e outros profesionais.

- **Axendas**

As axendas son un medio de comunicación diario coas familias que cada día as levan a casa para ler e comentar aspectos do cotiá de especial importancia para as familias. É importante destacar a importancia das axendas na primeira xuntanza que temos coas familias explicando que este é un medio de comunicación sinxelo, individual e efectivo para aspectos como sono, alimentación e hixiene pero tamén para transmitir os pequenos logros que imos observando no día a día na súa crianza, os seu desenvolvemento es as actividades que se están a realizar no centro.

É interesante darlle a estas axendas unha visión educativa, comentar as actividades e destacar de xeito puntual aspectos da evolución do neno/a e non só utilízalas para temas de hixiene e alimentación. Salientar que é unha ferramenta de comunicación bidireccional polo que tería que ser un medio para que a familia nos comunique aspectos sobre as crianzas referidas ao contexto familiar. É moi interesante naquelas familias que non se poden achegar á escola habitualmente.

- **Cartas e circulares**

Coidaremos moito a linguaxe empregada á hora de redactar estas circulares, é moi importante unificar criterios dentro dos equipos sobre os aspectos que son relevantes á hora de facer os escritos

- **Recanto das familias**

E moi interesante crear dentro das escolas un espazo adicado a expoñer a información de interese para as familias (horarios, menús, documentación visual de actividades desenvoltas na escola, bibliografía de interese, artigos de revistas, información de eventos...)

Deberemos seleccionar ben que información é interesante colocar neste espazo, expoñéndoa de xeito atractivo que invite a mirar e interactuar.



- **O blogue**

É unha ventá aberta ao exterior que transmite a vida da escola polo que temos que ter claro dentro do equipo que imaxe queremos difundir da nosa escola infantil, que criterios imos a empregar á hora de escoller as fotos, cuidando a redacción e confección dos textos e escollendo axeitadamente as actividades que merecen ser resaltadas.

Colaboración das familias na escola:

As distintas experiencias onde as familias organizan e participan xunto coa escola en actividades educativas e lúdicas reforzan os vínculos entre ambos contextos e xeran un gran sentimento de pertenza á comunidade.

Podemos falar de distintos niveis no grado de implicación e colaboración das familias dentro da escola :

- **As familias como colaboradoras en tarefas auxiliares:**

axudando a preparar disfraces, festas, festivais, acompañando ao alumnado nas saídas, reparando xoguetes ou mobiliario, etc. Esta forma de colaboración ademais de supoñer unha forma de enriquecemento social para as familias constitúen un referente de seguridade para as crianzas que ven como as súas actividades quedan revalorizadas pola dedicación e a presenza de tantos adultos.



- **Familias como impulsoras de actividades curriculares:**

asesorando e impulsando determinados proxectos de investigación, participando directamente en obradoiros e en pequenos proxectos compartidos como o libro viaxeiro, a maleta viaxeira, confeccionando xoguetes, participando activamente na posta en marcha de granxas, hortos escolares,...

- **Familias especialistas:**

nais, pais avoas...aparecen como especialistas en determinados proxectos, por exemplo: un pai apicultor que nos ensina o seu traballo, avós e avoas que veñen a contarnos contos...

Experiencias e actividades que son claros exemplos de cooperación nos que cada un aporta e recibe algo do outro, todos compartimos e aprendemos.

A modo de conclusión:

- *A participación da familia na escola resulta imprescindible. A escola ten que construír un proxecto conxunto coas familias a través do diálogo, a reflexión, o intercambio e a negociación.*
- *Durante todo o desenvolvemento do/a neno/a, pero sobre todo nas súas etapas iniciais, o coñecemento mutuo e o establecemento de acordos entre o contexto familiar e escolar actúan en beneficio do/a neno/a e promoven o seu benestar.*
- *A información entre ambos contextos a de ser bidireccional que permita un coñecemento recíproco de cada neno ou nena mediante a comunicación diaria, as entrevistas, as xuntanzas....*
- *As relacións entre a familia e a escola só poden ser construtivas si se basean no respecto mutuo, a confianza e a aceptación ás peculiaridades de cada un. Non existen dúas familias iguais e non hai que ter esquemas ríxidos sobre “como debe ser unha familia”. Dende a escola é necesario facer unha escoita activa das necesidades de cada neno e as expectativas de cada familia para conseguir unha verdadeira comunicación e colaboración das mesmas.*
- *Para que as familias podan participar realmente da vida da escola necesitan contar con información, por iso é moi importante ofrecer espazos e momentos para compartir e intercambiar información e propostas, a través do coñecemento e da información poden intervir dunha maneira activa e sentir que forman parte dun proxecto. A escola ten que facilitar recursos, potenciar múltiples canles de comunicación e invitar á participación activa. **O obxectivo é conseguir que as familias sintan que forman parte da escola.***

BIBLIOGRAFÍA

Arnaiz Sancho, V. (1999): *Los padres en la escuela infantil .¿Clientes y cooperadores?*.

Cuadernos de pedagogía, nº282.

Fernández López,M. (2011): *Acompañar a las familias en la educación de sus hijos*.

Revista Aula de Infantil, nº 59.

Morón,S. (2005) : *Ideas, reflexiones de la Maestra Tere Majem sobre la vinculación de la escuela infantil con las familias*. Revista Infancia , julio-agosto.

Ollokiegi,M., Maudit,J.R., Urdanpilleta, E., AitzibAgirre, A.(2007): *Rompiendo la pared entre las familias y la escuela*. Revista Infancia nº 104.

AAVV. (2009): *El plan de comunicación con las familias de los centros municipales de educación infantil de primer ciclo de Barcelona*. Revista Aula de infantil , nº49.

Asociación de Metres de Rosa Sensat (2009): *La educación de 0 a 6 años hoy*. Editorial Octaedro.

Bassedas,E., Huguet,T., Solé,T.: *Aprender y enseñar en educación infantil*. Editorial Graó.